

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de Estatística do día 23 de xullo de 2010.

Neste proxecto introducíronse lixeiras modificacións, que se recollen no documento anexo enviado polo organismo responsable, e comunicadas na reunión do pleno do Consello Galego de Estatística do día 22 de novembro de 2019.

O proxecto foi modificado novamente tal como se recolle no documento anexo enviado polo organismo responsable, e comunicado na reunión do pleno do Consello Galego de Estatística do día 2 de decembro de 2022.

Segundo o previsto na Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galicia, o 20 de marzo de 2026 o Instituto Galego de Estatística presentou perante o Consello Galego de Estatística, a través da súa plataforma web esta addenda ao proxecto técnico da operación "4105-01-OE06 Situación das TIC nos centros sanitarios" que ata o 25 de maio de 2026 non se recibiron alegacións á mesma, polo que queda aprobada.



## Addenda ao proxecto técnico 4105-01-OE06 Situación das TIC nos centros sanitarios

### Normativa e organización

#### Normativa

Lexislación propia: [Engádese e elimínase, en gris os cambios](#)

- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.
- Lei 1/2018, de 2 de abril, pola que se modifica a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia.
- ~~Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.~~ [Elimínase](#)
- ~~DECRETO 144/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.~~ [Engádese](#)
- Decreto 29/2009, do 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica.
- ~~DECRETO 168/2014, do 18 de decembro, polo que se modifica o Decreto 29/2009, do 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica.~~ [Engádese](#)
- ~~DECRETO 164/2013, do 24 de outubro, polo que se modifica o Decreto 29/2009, do 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica.~~ [Engádese](#)
- Decreto 71/2004, do 25 de marzo, polo que se establece o código numérico persoal dos profesionais que interveñen nos procedementos de prestación e xestión de servizos do sistema sanitario público galego
- Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se regulan os servizos prestados de forma electrónica, informática e telemática na Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde
- Orde do 15 de xaneiro de 2018 pola que se regula o acceso ao certificado electrónico de identidade polos/as profesionais que interveñen nos procedementos de prestación e xestión de servizos do sistema sanitario público galego.
- Resolución do 17 de decembro de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade, pola que se aproba o programa de acceso a través da web ás listas de espera cirúrxicas.
- Resolución do 17 de decembro de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade, pola que se aproba o programa de comunicación por móbil e correo electrónico



Ademais dos decretos anteriores, na xestión das TIC tamén se seguen as seguintes directrices

- Especificacións técnicas do software de xestión de almacenamento, tratamento e visualización da imaxe dixital
- Acordos adoptados pola Comisión Técnica Asesora sobre Equipamento en Diagnóstico pola Imaxe e Radioterapia

## **Organización** Engádese e modifícase, en gris os cambios

No Decreto 136/2019, do 10 de outubro establécese a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, pola que se outorga á Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información, dependendo directamente da Secretaría Xeral, a realización das seguintes funcións:

- É a unidade responsable de planificar, executar e/ou coordinar calquera iniciativa que se leve a cabo no ámbito dos sistemas e tecnoloxías de información na Consellería de Sanidade, no Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas.

- No ámbito das funcións atribuídas a esta unidade atópanse a planificación estratéxica, o deseño, adquisición, implantación, formación, soporte, normalización e mantemento dos sistemas de información sanitarios e a plataforma e servizos TIC que os sustentan, elaborando as propostas relativas á normativa nese ámbito e as medidas técnicas de todos os proxectos que impliquen integrar ou compartir información nos centros sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia, constituíndo a unidade de referencia para as unidades TIC dependentes da Consellería e do Servizo Galego de Saúde, e coordinará nese ámbito os plans de formación coas unidades competentes en materia de formación.

- É a unidade encargada de asegurar a dispoñibilidade e integridade da información no sistema sanitario e da implantación de sistemas de xestión de seguridade, incluíndo o marco legal, e da calidade tanto da información coma da plataforma e os servizos que a sustentan, realizando as auditorías que correspondan. .

- Coordinará as iniciativas de I+D+i no ámbito das TIC sanitarias e realizará a supervisión da plataforma tecnolóxica que dea soporte a estas actividades dentro do Sistema público de saúde de Galicia, en coordinación coas unidades competentes na materia.

- Aqueloutras que, dentro do seu ámbito competencial, lle sexan asignadas ou delegadas.

Contará a nivel orgánico coas seguinte unidades:

- Servizo de Xestión de Proxectos de Sistemas de Información, **Transformación** e Innovación Dixital **Modifícase**
- Servizo de Infraestruturas.



- Servizo de Interoperabilidade, Arquitecturas Tecnolóxicas e Seguridade.
- Servizo de Protección de Datos e Xestión do Servizo de Tecnoloxías da Información.
- Servizo de Xestión Intelixente do Dato e a Intelixencia Artificial. [Engádese](#)

## Información a recoller [Elimínase contido apartado](#)

### Plataforma [Engádese, en gris os cambios](#)

A maior parte dos centros sanitarios están conectados á rede corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde, xestionada pola Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información. Mediante unha ferramenta informática pódese obter un inventario exhaustivo dos PC's conectados á rede por centro sanitario. Todos os PC's están rexistrados nunha base de datos e pódese acceder remotamente a eles para saber se están apagados ou acesos. A ferramenta permite sacar informes dos ordenadores que non se acenderon nun período determinado de tempo.

O número de impresoras monitorizadas pode obterse das ferramentas de xestión do parque de impresoras.

O número de usuarios pode obterse do directorio activo.

Un switch (en galego "conmutador") é un dispositivo electrónico de interconexión de redes de ordenadores que opera na capa 2 (nivel de enlace de datos) do modelo OSI (Open Systems Interconnection). As bocas dun switch son os elementos que permiten a conexión con outros equipos. Ao switch poderán conectarse tantos equipos como bocas teña. **Hai que ter en conta que o número de bocas de switch puido estar sobredimensionado en determinado momento e que os cambios tecnolóxicos propician que o número se axuste máis ás necesidades reais.**

### [Engádese](#)

Un router (en galego "encamiñador") é un dispositivo de hardware para interconexión de redes de ordenadores que opera na capa tres (nivel de rede). Este dispositivo permite asegurar o encamiñamento de paquetes entre redes ao determinar a ruta que debe tomar o paquete de datos.

O número de bocas de switches e o número de routers están mantidos polo Servizo de Infraestruturas e Arquitecturas Tecnolóxicas, quen facilita a información cando se lle solicita. Son tamén eles os que teñen rexistrados o tipo de liña de comunicacións que hai en cada centro, sexa de Atención Primaria ou Especializada. Con este dato e sabendo o número total de centros da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde e a poboación adscrita a cada centro (datos



obtidos das bases de datos de Tarxeta Sanitaria), pódense sacar datos tan interesantes como é a porcentaxe de centros de Atención Primaria e Especializada conectados á rede do Servizo Galego de Saúde, discriminar esta porcentaxe por tipo de atención, ou por ancho de banda, así como obter a porcentaxe de poboación asignada a centros con estas características.

Un servidor é un ordenador que, formando parte dunha rede, prové servizos a outros denominados clientes.

Da ferramenta de inventariado pódese saber o número de servidores que hai na rede da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde.

Un Terabyte é unha unidade de medida informática cuxo símbolo é o TB, e que equivale a 1.099.511.627.776 bytes.

O número de TB almacenados, hai que obtelo de forma manual.

A tarxeta intelixente para o profesional é un documento identificativo que lle permite acceder aos sistemas informáticos acreditando de maneira inequívoca a súa identidade e posibilitando que asine electronicamente as transaccións que realiza.

Algunhas das aplicacións corporativas ás que pode acceder mediante esta tarxeta intelixente son IANUS (Historia Clínica Electrónica) e FIDES (Oficina Virtual do Profesional).

Lévase rexistro do número de tarxetas sanitarias intelixentes emitidas para os profesionais.

### **Servizos en liña para a cidadanía** [Engádesse e elimínase, en gris os cambios](#)

O servizo de cita por internet do Servizo Galego de Saúde, permite solicitar cita para os profesionais que traballan nos centros de Atención Primaria, así como consultar e cancelar as próximas citas.

Mediante o sistema de información de análise complexa (SIAC) de Atención Primaria pódese obter o número de citas en centros de Atención Primaria, así como o xeito no que estas se solicitaron, para así calcular por exemplo a porcentaxe de citas previas en centros de Atención Primaria concertadas por internet. Este dato obtense para cada centro de saúde.

Se de todas estas citas contamos só unha vez aquelas que teñen o mesmo CIP (código único de identificación sanitaria en Galicia) podemos saber cantos cidadáns distintos usan o servizo de solicitude de cita por internet.



~~As citas intercentros concertadas telematicamente desde Atención Primaria a Atención Especializada son aquelas citas concertadas dende centros que dispoñen dun sistema que permite concertar desde o mesmo centro, as citas normais e preferentes cos especialistas, en tempo real e en presenza do paciente, accedendo ás axendas de especializada de xeito seguro e a través de medios telemáticos, entendendo por telemático a utilización das telecomunicacións para o envío da información en formato dixital.~~

~~O número de citas intercentros concertadas telematicamente desde Atención Primaria con Atención Especializada e o número de centros de Atención Primaria que poden citar telematicamente para a especialidade obtense co SIAC CM (Cadro de Mandos). Do mesmo xeito obtense a porcentaxe de cetros de saúde desde os que se pode citar telematicamente para a especialidade.~~ [Elimínase](#)

Da base de datos de Tarxeta Sanitaria obtense información importante para medir o uso que a cidadanía fai dos servizos relacionados coa tarxeta sanitaria que se prestan a través da web, evitando que o cidadán se desprace ao centro sanitario e permitíndolle a realización do tramite en calquera momento e lugar. Entre outra información pode contabilizarse ~~o número de tarxetas sanitaria que se emitiron a partir de peticións realizadas desde a web, e este número compararse co total de tarxetas sanitarias emitidas. Outro dos servizos que se presta e se pode medir coa información obtida da base de datos de Tarxeta Sanitaria é~~ [Elimínase](#) o número de cambios de médico solicitados a través de internet.

### **Internet e Intranet** [Engádese e elimínase](#)

Dentro da intranet da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde pódese obter información do número de visitas á intranet e á web da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde desde xaneiro do 2002 ata a actualidade. ~~Pódese contabilizar tamén de xeito automático o número de e-mails enviados ou recibidos a internet, así como os e-mail internos~~ [Elimínase](#)

## **Deseño e explotación dos datos do rexistro**

### **Servizos en liña para os cidadáns** [Engádese e elimínase, en gris os cambios](#)

Neste apartado difundiranse as variables referidas a algúns dos servizos dispoñibles para os cidadáns a través da web. Facilitarase información anual e para Galicia.



	2009	2010
% de citas previas en centros de Atención Primaria concertadas por Internet		
% de cidadáns que usan cita previa por Internet		
<del>% de citas intercentros concertadas telemáticamente desde Atención Primaria con Atención Especializada</del> <b>Elimínase</b>		
<del>% de centros de saúde desde os que se pode citar telemáticamente para a especialidade</del> <b>Elimínase</b>		
<del>Tarxetas sanitarias xeradas por solicitudes realizadas a través de Internet</del> <b>Elimínase</b>		
<del>Tarxetas sanitarias xeradas totais</del> <b>Elimínase</b>		
<del>% de tarxetas sanitarias solicitadas por internet fronte ao total de tarxetas xeradas</del> <b>Elimínase</b>		
Nº de cambios de médico solicitados a través de internet		

% de citas previas en centros de Atención Primaria concertadas por internet: é o resultado de dividir o número de citas que se solicitan para o médico de cabeceira ou o pediatra do centro de Atención Primaria a través de internet entre o número total de citas de Atención Primaria, solicitadas ao longo dun ano.

% de cidadáns que usan cita previa por internet: e o número de cidadáns distintos que piden cita por internet ao longo dun ano dividido entre o total de cidadáns incluídos na base de datos de tarxeta sanitaria da Comunidade Autónoma a 31 de decembro en cada ano.

~~% de citas intercentros concertadas telemáticamente desde Atención Primaria con Atención Especializada: Nº de citas de Atención Especializada dadas de xeito telemático desde Atención Primaria ao longo dun ano dividido entre o número total de citas de Atención Especializada procedentes de Atención Primaria ao longo dese ano. A data considerada para obter esta porcentaxe é a data na que se solicita a cita.~~ **Elimínase**

~~% de centros de saúde desde os que se pode citar telemáticamente para a especialidade: é o cociente entre o número de centros de saúde desde os que se pode citar para a especialidade entre o número total de centros de saúde dispoñibles a 31 de decembro de cada ano.~~ **Elimínase**

~~Tarxetas sanitarias xeradas por solicitudes realizadas a través da internet. Son as tarxetas sanitarias xeradas ao longo dun ano a través das solicitudes que realizan a través da internet. Refírese ás tarxetas sanitarias novas ou renovación das existentes, tamén se inclúen as tarxetas que~~



~~se solicitan por perda ou roubo. Por cambio de centro de saúde ou de médico non se asigna tarxeta nova.~~ [Elimínase](#)

~~Tarxetas xeradas totais. Son as tarxetas sanitarias xeradas ao longo dun ano. Refírese ás tarxetas sanitarias novas ou renovación das existentes, tamén se inclúen as tarxetas que se solicitan por perda ou roubo. Por cambio de centro de saúde ou de médico non se asigna tarxeta nova.~~ [Elimínase](#)

~~% de tarxetas solicitadas por internet fronte ao total de tarxetas sanitarias: N° de tarxetas sanitarias xeradas por solicitudes realizadas a través da web nun ano entre o número total de tarxetas sanitarias estampadas.~~ [Elimínase](#)

N° de cambios de médico solicitados a través de internet: Número de cambios de médico solicitados a través da páxina web da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde.

### **Internet/Intranet** [Elimínase, en gris os cambios](#)

Neste apartado difundiranse as variables referidas ao uso da internet e da intranet. Facilitarase información anual e para Galicia, ata o último día dese ano, reflectindo así a situación de todo o ano

	2009	2010
<del>N° de e-mails</del> <a href="#">Elimínase</a>		
N° de visitas á intranet		
N° de visitas á internet		

~~N° de e-mails: sacaranse indicadores para o número de e-mail enviados a internet, recibidos de internet e correos internos durante o ano de referencia.~~ [Elimínase](#)

N° de visitas á intranet: N° de visitas á intranet da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde

N° de visitas á internet: N° de visitas ás páxinas web da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde.

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de Estatística do día 23 de xullo de 2010.

Neste proxecto introducíronse lixeiras modificacións, que se recollen no documento anexo enviado polo organismo responsable, e comunicadas na reunión do pleno do Consello Galego de Estatística do día 22 de novembro de 2019.

O proxecto foi modificado novamente tal como se recolle no documento anexo enviado polo organismo responsable, e comunicado na reunión do pleno do Consello Galego de Estatística do día 2 de decembro de 2022



## Addenda ao proxecto técnico 41202 Situación das TIC nos centros sanitarios

### Normativa e organización

#### Normativa

Legislación propia: **modificase**

- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.
- Lei 1/2018, de 2 de abril, pola que se modifica a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia.
- Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.
- Decreto 29/2009, do 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica.
- Decreto 71/2004, do 25 de marzo, polo que se establece o código numérico persoal dos profesionais que interveñen nos procedementos de prestación e xestión de servizos do sistema sanitario público galego
- Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se regulan os servizos prestados de forma electrónica, informática e telemática na Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde
- Orde do 15 de xaneiro de 2018 pola que se regula o acceso ao certificado electrónico de identidade polos/as profesionais que interveñen nos procedementos de prestación e xestión de servizos do sistema sanitario público galego
- Resolución do 17 de decembro de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade, pola que se aproba o programa de acceso a través da web ás listas de espera cirúrxicas
- Resolución do 17 de decembro de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade, pola que se aproba o programa de comunicación por móbil e correo electrónico

Ademais dos decretos anteriores, na xestión das TIC tamén se seguen as seguintes directrices

- Especificacións técnicas do software de xestión de almacenamento, tratamento e visualización da imaxe dixital
- Acordos adoptados pola Comisión Técnica Asesora sobre Equipamento en Diagnóstico pola Imaxe e Radioterapia

#### Organización **modificase**



No Decreto 136/2019, do 10 de outubro establécese a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, pola que se outorga á Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información, dependendo directamente da Secretaría Xeral, a realización das seguintes funcións:

- É a unidade responsable de planificar, executar e/ou coordinar calquera iniciativa que se leve a cabo no ámbito dos sistemas e tecnoloxías de información na Consellería de Sanidade e no Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas.
- No ámbito das funcións atribuídas a esta unidade atópanse a planificación estratéxica, o deseño, adquisición, implantación, formación, soporte, normalización e mantemento dos sistemas de información sanitarios e a plataforma e servizos TIC que os sustentan, elaborando as propostas relativas á normativa nese ámbito e as medidas técnicas de todos os proxectos que impliquen integrar ou compartir información nos centros sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia, constituíndo a unidade de referencia para as unidades TIC dependentes da Consellería e do Servizo Galego de Saúde, e coordinará nese ámbito os plans de formación coas unidades competentes en materia de formación.
- É a unidade encargada de asegurar a dispoñibilidade e integridade da información no sistema sanitario e da implantación de sistemas de xestión de seguridade, incluíndo o marco legal, e da calidade tanto da información coma da plataforma e os servizos que a sustentan, realizando as auditorías que correspondan.
- Coordinará as iniciativas de I+D+i no ámbito das TIC sanitarias e realizará a supervisión da plataforma tecnolóxica que dea soporte a estas actividades dentro do Sistema público de saúde de Galicia, en coordinación coas unidades competentes na materia.
- Aqueloutras que, dentro do seu ámbito competencial, lle sexan asignadas ou delegadas.

Contará a nivel orgánico coas seguintes unidades:

- Servizo de Xestión de Proxectos de Sistemas de Información e Innovación Dixital.
- Servizo de Infraestruturas.
- Servizo de Interoperabilidade, Arquitecturas Tecnolóxicas e Seguridade.
- Servizo de Protección de Datos e Xestión do Servizo de Tecnoloxías da Información.

### **Información a recoller [modifícase](#)**

A información que se recolle para elaborar a estatística pode agruparse en dous bloques, por un lado está a información asociada ás TIC que se empregan nos centros sanitarios e que se recompila/almacena de xeito agregado para cada un deles (número de ordenadores, porcentaxe de citas previas en centros de Atención Primaria concertadas por Internet e número de procesos/centros con certificación dalgunha norma ISO) e por outro a información asociada ás tecnoloxías ou servizos electrónicos (número de visitas á intranet, número de visitas a internet, ...) e que non se refiren a centros.

**Plataforma [modifícase \(resaltados en vermello os cambios\)](#)**



A maior parte dos centros sanitarios están conectados á rede corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde, xestionada pola Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información. Mediante unha ferramenta informática pódese obter un inventario exhaustivo dos PC's conectados á rede por centro sanitario. Todos os PC's están rexistrados nunha base de datos e pódese acceder remotamente a eles para saber se están apagados ou acesos. A ferramenta permite sacar informes dos ordenadores que non se acenderon nun período determinado de tempo.

O número de impresoras monitorizadas pode obterse das ferramentas de xestión do parque de impresoras.

O número de usuarios pode obterse do directorio activo.

Un switch (en galego "conmutador") é un dispositivo electrónico de interconexión de redes de ordenadores que opera na capa 2 (nivel de enlace de datos) do modelo OSI (Open Systems Interconnection). As bocas dun switch son os elementos que permiten a conexión con outros equipos. Ao switch **poderán** conectarse tantos equipos como bocas teña.

Un router (en galego "encamiñador") é un dispositivo de hardware para interconexión de redes de ordenadores que opera na capa tres (nivel de rede). Este dispositivo permite asegurar o encamiñamento de paquetes entre redes ao determinar a ruta que debe tomar o paquete de datos.

O número de bocas de switches e o número de routers están mantidos polo Servizo de Infraestruturas e Arquitecturas Tecnolóxicas, quen facilita a información cando se lle solicita. Son tamén eles os que teñen rexistrados o tipo de liña de comunicacións que hai en cada centro, sexa de Atención Primaria ou Especializada. Con este dato e sabendo o número total de centros da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde e a poboación adscrita a cada centro (datos obtidos das bases de datos de Tarxeta Sanitaria), pódense sacar datos tan interesantes como é a porcentaxe de centros de Atención Primaria e Especializada conectados á rede do Servizo Galego de Saúde, discriminar esta porcentaxe por tipo de atención, ou por ancho de banda, así como obter a porcentaxe de poboación asignada a centros con estas características.

Un servidor é un ordenador que, formando parte dunha rede, prové servizos a outros denominados clientes.

Da ferramenta de inventariado pódese saber o número de servidores que hai na rede da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde.

Un Terabyte é unha unidade de medida informática cuxo símbolo é o TB, e que equivale a 1.099.511.627.776 bytes.

O número de TB almacenados, hai que obtelo de forma manual.

A tarxeta intelixente para o profesional é un documento identificativo que lle permite acceder aos sistemas informáticos acreditando de maneira inequívoca a súa identidade e posibilitando que asine electronicamente as transaccións que realiza.

Algunhas das aplicacións corporativas ás que pode acceder mediante esta tarxeta intelixente son IANUS (Historia Clínica Electrónica) e FIDES (Oficina Virtual do Profesional).

Lévase rexistro do número de tarxetas sanitarias intelixentes emitidas para os profesionais.

### Formación **elimínase**

Dentro dos cursos de carácter presencial lévase rexistro de todos os cursos impartidos. Entre a información que se pode extraer escollemos o número de cursos impartidos, o número de profesionais que acudiron á formación e as horas de formación.

### Certificacións **modifícase**

Para rematar contabilízase o número de procesos/centros con certificación dalgunha norma ISO, e este cómputo realízase de xeito manual. O Sistema de Xestión da Calidade e o Sistema de Xestión de Seguridade da Información adoptados pola Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información veñen certificados por **la Asociación Española de Normalización y Certificación (AENOR) algunha das entidades acreditadas por ENAC (Entidad Nacional de Acreditación) na norma en cuestión.**

## Deseño e explotación dos datos do rexistro

### Plataforma **modifícase (resaltados en vermello os cambios)**

Neste apartado difundiranse as variables referidas á plataforma e aos servizos de apoio nos centros sanitarios en xeral. Facilitarase información anual e para Galicia, referida ao último día dese ano.

	2009	2010
Número de PC's conectados á Rede Corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde		
<b>Número de impresoras monitorizadas</b>		
Número de bocas de switches		
Número de routers		
Número de liñas		

Número de liñas con ancho de banda menor 512 Kbps		
Número de liñas con ancho de banda maior ou igual 512 Kbps		
% de centros de Atención Primaria e Atención Especializada conectados á Rede Corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde		
% de centros de Atención Primaria e Atención Especializada conectados en banda ancha		
% de centros de Atención Primaria conectados á Rede Corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde		
% de centros de Atención Primaria conectados en banda ancha		
% de poboación asignada a centros de Atención Primaria conectados á Rede Corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde		
% de centros de Atención Especializada conectados en banda ancha		
% de poboación asignada a centros de Atención Especializada conectados á Rede Corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde		
Nº de servidores		
Nº de TB almacenados		
Nº de usuarios do directorio activo		
Nº de tarxetas intelixentes para os profesionais emitidas		

Nº de PC's conectados á Rede Corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde: Número de ordenadores conectado á rede corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde.

**Nº de impresoras monitorizadas:** Número de impresoras administradas a través dunha ferramenta de xestión do parque de impresoras.

Nº de bocas de switches: Nº de bocas de switches na rede da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde.

Nº de routers: Nº de routers na rede da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde.

Nº de liñas: Esta métrica explótase por tipo de liña agrupándoas polo ancho de banda, si este é maior ou menor de 512 Kbps, obténdose os indicadores: Nº de liñas cun ancho de banda maior ou igual a 512 Kbps e Nº de liñas cun ancho de banda inferior a 512 Kbps

% de centros de Atención Primaria e Atención Especializada conectados á Rede Corporativa Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde: Divídese o número total de consultorios, centros de saúde, casas do mar e centros hospitalarios conectados á rede corporativa do Servizo Galego de Saúde entre o número total de consultorios, centros de saúde, casas do mar e centros hospitalarios.

% de centros de Atención Primaria e Atención Especializada conectados en banda ancha: é o número total de consultorios, centros de saúde, casas do mar e centros hospitalarios conectados de 512 Kbps e máis á rede corporativa do Servizo Galego de Saúde entre o número total de consultorios, centros de saúde, casas do mar e centros hospitalarios.

% de centros de Atención Primaria conectados á Rede Corporativa Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde: Divídese o número total de consultorios, centros de saúde e casas do mar conectados á rede corporativa do Servizo Galego de Saúde entre o número total de consultorios, centros de saúde e casas do mar.

% de centros de Atención Primaria conectados en banda ancha: é o número total de consultorios, centros de saúde e casas do mar conectados de 512 Kbps e máis á rede corporativa do Servizo Galego de Saúde entre o número total de consultorios, centros de saúde e casas do mar.

% de poboación asignada a centros de Atención Primaria conectados á rede corporativa Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde: é a suma do número de cidadáns adscritos a centros de Atención Primaria e cuxos centros están conectados á rede corporativa entre o total de cidadáns incluídos na base de datos de tarxeta sanitaria da Comunidade Autónoma.

% de centros de Atención Especializada conectados en banda ancha: é o número total de centros hospitalarios conectados de 512 Kbps e máis á rede corporativa do Servizo Galego de Saúde entre o número total de centros hospitalarios.

% de poboación asignada a centros de Atención Especializada conectados á rede corporativa do Servizo Galego de Saúde: é a suma do número de cidadáns adscritos a centros de Atención Especializada que están conectados á rede corporativa entre o total de cidadáns incluídos na base de datos de tarxeta sanitaria da Comunidade Autónoma.

Nº de servidores: nesta métrica recollese o número de servidores.

Nº de TB almacenados: Nº de Terabytes almacenados nos servidores da rede da Consellería.

Nº de usuarios do Directorio Activo: Nº de usuarios no directorio activo da Consellería/ Servizo Galego de Saúde.

Nº de tarxetas intelixentes emitidas: Nº de tarxetas profesionais con sinatura electrónica emitidas.



**Formación ~~elimínase~~**

	2009	2010
Nº de cursos presenciais		
Nº de horas en cursos presenciais		
Nº de profesionais asistentes aos cursos impartidos		

Nº de cursos presenciais: Contabilízanse o total de cursos presenciais promovidos pola Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información.

Nº de horas en cursos presenciais: Contabilízanse o número de horas de cursos presenciais promovidos pola Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información.

Nº de profesionais asistentes aos cursos impartidos: Número de profesionais asistentes aos cursos impartidos ao longo do ano de referencia.

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de Estatística do día 23 de xullo de 2010.

Neste proxecto introducíronse lixeiras modificacións, que se recollen no documento anexo enviado polo organismo responsable, e comunicadas na reunión do pleno do Consello Galego de Estatística do día 22 de novembro de 2019.

## **Addenda ao proxecto técnico 41202 Situación das TIC nos centros sanitarios (actualmente 4105-01-OE05 Situación das TIC nos centros sanitarios)**

### **Normativa e organización**

#### **Normativa**

Lexislación propia: [engádese](#)

- Orde do 15 de xaneiro de 2018 pola que se regula o acceso ao certificado electrónico de identidade polos/as profesionais que interveñen nos procedementos de prestación e xestión de servizos do sistema sanitario público galego
- Lei 1/2018, de 2 de abril, pola que se modifica a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia

Lexislación informática: [modifícase](#)

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público
- Orde do 23 de xuño de 2005 pola que se establecen medidas de estandarización, coordinación e supervisión en materia de tecnoloxías da información
- Instrución 19-07 sobre aplicacións de medidas de seguridade nos sistemas de tecnoloxías da información

#### **Información a recoller [modifícase](#)**

A información que se recolle para elaborar a estatística pode agruparse en dous bloques, por un lado está a información asociada ás TIC que se empregan nos centros sanitarios e que se recompila/almacena de xeito agregado para cada un deles (número de ordenadores, porcentaxe de citas previas en centros de Atención Primaria concertadas por Internet e número de procesos/centros con certificación dalgunha norma ISO) e por outro a información asociada ás tecnoloxías ou servizos electrónicos (número de visitas á intranet, número de visitas a internet, número de cursos e-learning ...) e que non se refiren a centros.

#### **Centros sanitarios: [modifícase \(resaltados en vermello os cambios\)](#)**

É o conxunto organizado de medios técnicos e instalacións no que profesionais capacitados, pola súa titulación oficial ou habilitación profesional, realizan basicamente actividades sanitarias co fin de mellorar a saúde das persoas. Temos dous tipos de centros sanitarios segundo o tipo de atención que levan a cabo, os centros de Atención Primaria e os centros de Atención Especializada. Nesta estatística recollerase información dos centros sanitarios pertencentes ao Sistema Público de Saúde de Galicia.



A Atención Primaria constitúe o primeiro nivel de acceso ordinario da poboación ao sistema de saúde e caracterízase por un enfoque global e integrado da atención e da saúde e por asumir un papel orientador e de canalización da asistencia requirida polo ou pola paciente en calquera punto do sistema sanitario. As actuacións de Atención Primaria desenvolveranse nos centros de saúde ou noutros periféricos que deles dependan, nos puntos de atención continuada, así como nos domicilios dos doentes, nos centros que presten servizos sociosanitarios ou en calquera outro lugar que se determine regulamentariamente.

A Atención Especializada é o nivel de asistencia que, tras superar as posibilidades de diagnóstico e tratamento da Atención Primaria, se caracteriza por unha alta intensidade dos coidados requiridos ou pola especificidade do coñecemento e/ou a tecnoloxía que os e as pacientes precisan para a súa axeitada atención sanitaria. A Atención Especializada será prestada polos hospitais ou os complexos hospitalarios. O hospital, xunto cos centros de especialidades adscritos a el, constitúe a estrutura sanitaria responsable da asistencia especializada programada e urxente á poboación do seu ámbito de influencia.

En centro recóllese a información básica (estrutural) que permite identificalo e clasificalo. Así, ademais das variables identificativas (código, nome, localización xeográfica...) teremos outras de clasificación como son tipo de centro sanitario (de Atención Primaria ou Especializada) ou área **sanitaria** á cal pertence o centro.

### Plataforma **modifícase (resaltados en vermello os cambios)**

A maior parte dos centros sanitarios están conectados á rede corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde, xestionada pola Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información. Mediante unha ferramenta informática pódese obter un inventario exhaustivo dos PC's conectados á rede por centro sanitario. Todos os PC's están rexistrados nunha base de datos e pódese acceder remotamente a eles para saber se están apagados ou acesos. A ferramenta permite sacar informes dos ordenadores que non se acenderon nun período determinado de tempo.

O número de impresoras conectadas á rede pode obterse do directorio activo. Do directorio activo se obtén tamén o número de usuarios.

Un switch (en galego "conmutador") é un dispositivo electrónico de interconexión de redes de ordenadores que opera na capa 2 (nivel de enlace de datos) do modelo OSI (Open Systems Interconnection). **As bocas dun switch son os elementos que permiten a conexión con outros equipos. Ao switch poderan conectarse tantos equipos como bocas teña.**

Un router (en galego "encamiñador") é un dispositivo de hardware para interconexión de redes de ordenadores que opera na capa tres (nivel de rede). Este dispositivo permite asegurar o encamiñamento de paquetes entre redes ao determinar a ruta que debe tomar o paquete de datos.



O número **de bocas** de switches e **o número de** routers **están mantidos** polo Servizo de Infraestruturas e Arquitecturas Tecnolóxicas, quen facilita a información cando se lle solicita. Son tamén eles os que teñen rexistrados o tipo de liña de comunicacións que hai en cada centro, sexa de Atención Primaria ou Especializada. Con este dato e sabendo o número total de centros da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde e a poboación adscrita a cada centro (datos obtidos das bases de datos de Tarxeta Sanitaria), pódense sacar datos tan interesantes como é a porcentaxe de centros de Atención Primaria e Especializada conectados á rede do Servizo Galego de Saúde, discriminar esta porcentaxe por tipo de atención, ou por ancho de banda, así como obter a porcentaxe de poboación asignada a centros con estas características.

Un servidor é un ordenador que, formando parte dunha rede, prové servizos a outros denominados clientes. Da ferramenta de inventariado pódese saber o número de servidores que hai na rede da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde.

Un Terabyte é unha unidade de medida informática cuxo símbolo é o TB, e que equivale a 1.099.511.627.776 bytes.

O número de TB almacenados, hai que obtelo **de** forma manual.

A tarxeta intelixente para o profesional é un documento identificativo que lle permite acceder aos sistemas informáticos acreditando de maneira inequívoca a súa identidade e posibilitando que asine electronicamente as transaccións que realiza.

Algunhas das aplicacións corporativas ás que pode acceder mediante esta tarxeta intelixente son IANUS (Historia Clínica Electrónica) e FIDES (Oficina Virtual do Profesional).

Lévase rexistro do número de tarxetas sanitarias intelixentes emitidas para os profesionais.

### **Servizos en liña para a cidadanía **modifícase** (resaltados en vermello os cambios)**

O servizo de cita por internet do Servizo Galego de Saúde, permite solicitar cita para **os profesionais que traballan nos centros de Atención Primaria**, así como consultar e cancelar as próximas citas.

Mediante o sistema de información de análise complexa (SIAC) de Atención Primaria pódese obter o número de citas **en centros de Atención Primaria**, así como o xeito no que estas se solicitaron, para así calcular por exemplo a porcentaxe de citas previas en centros de Atención Primaria concertadas por internet. Este dato obtense para cada centro de saúde.



Se de todas estas citas contamos só unha vez aquelas que teñen o mesmo CIP (código único de identificación sanitaria en Galicia) podemos saber cantos ciudadáns distintos usan o servizo de solicitude de cita por internet.

As citas intercentros concertadas telematicamente desde Atención Primaria a Atención Especializada son aquelas citas concertadas dende centros que dispoñen dun sistema que permite concertar desde o mesmo centro, as citas normais e preferentes cos especialistas, en tempo real e en presenza do paciente, accedendo ás axendas de especializada de xeito seguro e a través de medios telemáticos, entendendo por telemático a utilización das telecomunicacións para o envío da información en formato dixital.

O número de citas intercentros concertadas telematicamente desde Atención Primaria con Atención Especializada e o número de centros de Atención Primaria que poden citar telematicamente para a especialidade obtense co SIAC-CM (Cadro de Mandos). Do mesmo xeito obtense a porcentaxe de cetros de saúde desde os que se pode citar telematicamente para a especialidade.

Da base de datos de Tarxeta Sanitaria obtense información importante para medir o uso que a cidadanía fai dos servizos relacionados coa tarxeta sanitaria que se prestan a través da web, evitando que o cidadán se desprace ao centro sanitario e permitíndolle a realización do tramite en calquera momento e lugar. Entre outra información pode contabilizarse o número de tarxetas sanitaria que se emitiron a partir de peticións realizadas desde a web, e este número compararse co total de tarxetas sanitarias emitidas. Outro dos servizos que se presta e se pode medir coa información obtida da base de datos de Tarxeta Sanitaria é o número de cambios de médico solicitados a través de internet.

## Certificacións **modifícase**

Para rematar contabilízase o número de procesos/centros con certificación dalgunha norma ISO, e este cómputo realízase de xeito manual. O Sistema de Xestión da Calidade e o Sistema de Xestión de Seguridade da Información adoptados pola Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información veñen certificados pola Asociación Española de Normalización y Certificación (AENOR).

## Procesamento de datos

### Áreas **modifícase**

Esta táboa contén os nomes e abreviaturas das diferentes áreas sanitarias nas que se poden enmarcar os centros sanitarios galegos. Ás áreas sanitarias correspóndelle a xestión integrada dos recursos sanitarios asistenciais públicos existentes no seu ámbito territorial, así como das prestacións e programas que se desenvolvan no mesmo ámbito.

Posibles valores:

- Área sanitaria de A Coruña e Cee
- Área sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza
- Área sanitaria de Ferrol
- Área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos
- Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras



- Área sanitaria de Pontevedra e o Salnés
- Área sanitaria de Vigo

### Tipos de centros **modifícase**

Esta táboa contén os diferentes tipos de centros existentes

Posibles valores: Centro de Atención Primaria, centro de Atención Especializada, centro administrativo, centro de especialidades, Dirección Provincial do Servizo Galego de Saúde, Departamento Territorial da Consellería de Sanidade,.....

## Deseño e explotación dos datos do rexistro

### Plataforma **modifícase** (resaltados en vermello os cambios)

Neste apartado difundiranse as variables referidas á plataforma e aos servizos de apoio nos centros sanitarios en xeral. Facilitarase información anual e para Galicia, referida ao último día dese ano.

	2009	2010
Número de PC's conectados á Rede Corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde		
Número de impresoras conectadas á rede.		
<b>Número de bocas de switches</b>		
Número de routers		
Número de liñas		
Número de liñas con ancho de banda menor 512 Kbps		
Número de liñas con ancho de banda maior ou igual 512 Kbps		
% de centros de Atención Primaria e Atención Especializada conectados á Rede Corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde		
% de centros de Atención Primaria e Atención Especializada conectados en banda ancha		
% de centros de Atención Primaria conectados á Rede Corporativa da Conselle- ría de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde		
% de centros de Atención Primaria conectados en banda ancha		
% de poboación asignada a centros de Atención Primaria conectados á Rede Corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde		
% de centros de Atención Especializada conectados en banda ancha		



% de poboación asignada a centros de Atención Especializada conectados á Rede Corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde		
Nº de servidores		
Nº de TB almacenados		
Nº de usuarios do directorio activo		
Nº de tarxetas intelixentes para os profesionais emitidas		

Nº de PC's conectados á Rede Corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde: Número de ordenadores conectado á rede corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde.

Nº de impresoras conectadas á Rede Corporativa Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde: Número de impresoras conectadas á rede corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde.

Nº de bocas de switches: Nº de bocas de switches na rede da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde.

Nº de routers: Nº de routers na rede da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde.

Nº de liñas: Esta métrica explótase por tipo de liña agrupándoas polo ancho de banda, si este é maior ou menor de 512 Kbps, obténdose os indicadores: Nº de liñas cun ancho de banda maior ou igual a 512 Kbps e Nº de liñas cun ancho de banda inferior a 512 Kbps

% de centros de Atención Primaria e Atención Especializada conectados á Rede Corporativa Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde: Divídese o número total de consultorios, centros de saúde, casas do mar e centros hospitalarios conectados á rede corporativa do Servizo Galego de Saúde entre o número total de consultorios, centros de saúde, casas do mar e centros hospitalarios.

% de centros de Atención Primaria e Atención Especializada conectados en banda ancha: é o número total de consultorios, centros de saúde, casas do mar e centros hospitalarios conectados de 512 Kbps e máis á rede corporativa do Servizo Galego de Saúde entre o número total de consultorios, centros de saúde, casas do mar e centros hospitalarios.

% de centros de Atención Primaria conectados á Rede Corporativa Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde: Divídese o número total de consultorios, centros de saúde e casas do mar conectados á rede corporativa do Servizo Galego de Saúde entre o número total de consultorios, centros de saúde e casas do mar.



% de centros de Atención Primaria conectados en banda ancha: é o número total de consultorios, centros de saúde e casas do mar conectados de 512 Kbps e máis á rede corporativa do Servizo Galego de Saúde entre o número total de consultorios, centros de saúde e casas do mar.

% de poboación asignada a centros de Atención Primaria conectados á rede corporativa Consellería de Sa-  
nidade/ Servizo Galego de Saúde: é a suma do número de cidadáns adscritos a centros de Atención Prima-  
ria e cuxos centros están conectados á rede corporativa entre o total de cidadáns incluídos na base de da-  
tos de tarxeta sanitaria da Comunidade Autónoma.

% de centros de Atención Especializada conectados en banda ancha: é o número total de centros hospitala-  
rios conectados de 512 Kbps e máis á rede corporativa do Servizo Galego de Saúde entre o número total de  
centros hospitalarios.

% de poboación asignada a centros de Atención Especializada conectados á rede corporativa do Servizo  
Galego de Saúde: é a suma do número de cidadáns adscritos a centros de Atención Especializada que es-  
tán conectados á rede corporativa entre o total de cidadáns incluídos na base de datos de tarxeta sanitaria  
da Comunidade Autónoma.

Nº de servidores: nesta métrica recollese o número de servidores.

Nº de TB almacenados: Nº de Terabytes almacenados nos servidores da rede da Consellería.

Nº de usuarios do Directorio Activo: Nº de usuarios no directorio activo da Consellería/ Servizo Galego de  
Saúde.

Nº de tarxetas intelixentes emitidas: Nº de tarxetas profesionais con sinatura electrónica emitidas.

## Servizos en liña para os cidadáns **modifícase**

% de citas previas en centros de Atención Primaria concertadas por internet: é o resultado de dividir o nú-  
mero de citas de Atención Primaria que se solicitan a través de internet entre o número total de citas de  
Atención Primaria, solicitadas ao longo dun ano.

## Formación **modifícase**

Nº de cursos e-learning: Contabilízanse o total de cursos promovidos en plataforma de teleformación.

Nº de profesionais inscritos en cursos e-learning: Contabilízanse o total de profesionais inscritos en cursos  
promovidos en plataforma de teleformación.

## Metodoloxías **modifícase**



Neste apartado difundiranse as variables referidas a metodoloxías de calidade. Facilitarase información anual e para Galicia, no último día dese ano, reflectindo así a situación a 31 de decembro.

	2009	2010
Nº de procesos/centros con certificación dalgunha norma ISO		

Nº de procesos/centros con certificación dalgunha norma ISO: Número de procesos e centros incluídos no alcance da certificación dalgunha norma ISO.

## **41202 Situación das TIC nos centros sanitarios**

### **PROXECTO TÉCNICO**

O obxectivo desta operación é proporcionar información básica sobre a implantación das tecnoloxías de información e comunicación no sistema sanitario galego.

Con ese fin elabóranse unha serie de indicadores que tentan recoller todas as variables relevantes en materia de tecnoloxías da información e da comunicación, e que permitan analizar a repercusión e a evolución das medidas adoptadas neste campo.

### **Normativa e organización**

#### **Normativa**

##### Lexislación propia

- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.
- Decreto 310/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade
- Decreto 29/2009, do 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica.
- Decreto 71/2004, do 25 de marzo, polo que se establece o código numérico persoal dos profesionais que interveñen nos procedementos de prestación e xestión de servizos do sistema sanitario público galego
- Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se regulan os servizos prestados de forma electrónica, informática e telemática na Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde
- Orde do 11 de abril de 2005 pola que se regula o acceso ao certificado electrónico de identidade polos profesionais que interveñen nos procedementos de prestación e xestión de servizos do sistema sanitario público galego
- Orde do 29 de marzo de 2006 pola que se modifica a do 11 de abril de 2005 e se regula o acceso ao certificado electrónico do sistema sanitario público galego e os mecanismos de validación da autenticidade destes documentos en soporte papel
- Resolución do 17 de decembro de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade, pola que se aproba o programa de acceso a través da web ás listas de espera cirúrxicas
- Resolución do 17 de decembro de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade, pola que se aproba o programa de comunicación por móbil e correo electrónico

Ademais dos decretos anteriores, na xestión das TIC tamén se seguen as seguintes directrices

- Especificacións técnicas do software de xestión de almacenamento, tratamento e visualización da imaxe dixital
- Acordos adoptados pola Comisión Técnica Asesora sobre Equipamento en Diagnóstico pola Imaxe e Radioterapia

#### Lexislación informática

- Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos
- Orde do 23 de xuño de 2005 pola que se establecen medidas de estandarización, coordinación e supervisión en materia de tecnoloxías da información
- Orde do 14 de xuño de 2007 pola que se crean determinados ficheiros automatizados de datos de carácter persoal na Consellería de Sanidade e no Servizo Galego de Saúde
- Instrución 19-07 sobre aplicación de medidas de seguridade nos sistemas de tecnoloxías da información

#### **Organización**

No Decreto 310/2009 do 28 de maio establécese a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, pola que se outorga á Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información, dependendo directamente da Secretaría Xeral, a realización das seguintes funcións:

- É a unidade responsable de planificar, executar e/ou coordinar calquera iniciativa que se leve a cabo no ámbito dos sistemas e tecnoloxías de información na Consellería de Sanidade e no Servizo Galego de Saúde e organismos dependentes.
- No ámbito das funcións atribuídas a esta unidade atópanse a planificación estratéxica, o deseño, adquisición, implantación, formación, soporte, normalización e mantemento dos sistemas de información sanitarios e a plataforma e servizos TIC que os sustentan, elaborando as propostas relativas á normativa nese ámbito e as medidas técnicas de todos os proxectos que impliquen integrar ou compartir información nos centros sanitarios do servizo sanitario público, constituíndo a unidade de referencia para as unidades TIC dependentes da consellería e do Servizo Galego de Saúde, e coordinará nese ámbito os plans de formación coas unidades competentes en materia de formación.
- É a unidade encargada de velar pola dispoñibilidade e integridade da información no sistema sanitario e da implantación de sistemas de xestión de seguridade (incluíndo o marco legal) e da calidade tanto da información como da plataforma e os servizos que a sustentan, realizando as auditorías que correspondan.
- Coordinará as iniciativas de I+D+i no ámbito das TIC sanitarias e realizará a supervisión da plataforma tecnolóxica que dea soporte a estas actividades dentro do sistema sanitario público, en coordinación coas unidades competentes na materia.


- Aqueloutras que, dentro do seu ámbito competencial, lle sexan asignadas ou delegadas.

Contará a nivel orgánico coas seguinte unidades:

- Servizo de Xestión de Proxectos de Sistemas de Información
- Servizo de Soporte e Implantación
- Servizo de Infraestruturas e Arquitecturas Tecnolóxicas

## Organización / Funcións

### Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información



### Información a recoller

A información que se recolle para elaborar a estatística pode agruparse en dous bloques, por un lado está a información asociada ás TIC que se empregan nos centros sanitarios e que se recompila/almacena de xeito agregado para cada un deles (número de ordenadores, porcentaxe de citas previas en centros de Atención Primaria concertadas por Internet e número de certificados de calidades dos que se dispoñen) e por outro a información asociada ás tecnoloxías ou servizos electrónicos (número de visitas á intranet, número de visitas a internet, número de cursos e-learning ...) e que non se refiren a centros.

### Centros sanitarios

É o conxunto organizado de medios técnicos e instalacións no que profesionais capacitados, pola súa titulación oficial ou habilitación profesional, realizan basicamente actividades sanitarias co fin de mellorar a saúde das persoas. Temos dous tipos de centros sanitarios segundo o tipo de atención que levan a cabo, os centros de Atención Primaria e os centros de Atención Especializada. Nesta estatística recollerase información dos centros sanitarios pertencentes ao Sistema Público de Saúde de Galicia.

A Atención Primaria constitúe o primeiro nivel de acceso ordinario da poboación ao sistema de saúde e caracterízase por un enfoque global e integrado da atención e da saúde e por asumir un papel orientador e de canalización da asistencia requirida polo ou pola paciente en calquera punto do sistema sanitario. As actuacións de Atención Primaria desenvolveranse nos centros de saúde ou noutros periféricos que deles dependan, nos puntos de atención continuada, así como nos domicilios dos doentes, nos centros que presten servizos sociosanitarios ou en calquera outro lugar que se determine regulamentariamente.

A Atención Especializada é o nivel de asistencia que, tras superar as posibilidades de diagnóstico e tratamento da Atención Primaria, se caracteriza por unha alta intensidade dos cuidados requiridos ou pola especificidade do coñecemento e/ou a tecnoloxía que os e as pacientes precisan para a súa axeitada atención sanitaria. A Atención Especializada será prestada polos hospitais ou os complexos hospitalarios. O hospital, xunto cos centros de especialidades adscritos a el, constitúe a estrutura sanitaria responsable da asistencia especializada programada e urxente á poboación do seu ámbito de influencia.

En centro recóllese a información básica (estrutural) que permite identificalo e clasificalo. Así, ademais das variables identificativas (código, nome, localización xeográfica...) teremos outras de clasificación como son tipo de centro sanitario (de Atención Primaria ou Especializada) ou área de saúde á cal pertence o centro.

### **Plataforma**

A maior parte dos centros sanitarios están conectados á rede corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde, xestionada pola Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información. Mediante unha ferramenta informática pódese obter un inventario exhaustivo dos PC's conectados á rede por centro sanitario. Todos os PC's están rexistrados nunha base de datos e pódese acceder remotamente a eles para saber se están apagados ou acesos. A ferramenta permite sacar informes dos ordenadores que non se acenderon nun período determinado de tempo.

O número de impresoras conectadas á rede pode obterse do directorio activo. Do directorio activo se obtén tamén o número de usuarios.

Un switch (en galego "conmutador") é un dispositivo electrónico de interconexión de redes de ordenadores que opera na capa 2 (nivel de enlace de datos) do modelo OSI (Open Systems Interconnection).

Un router (en galego "encamiñador") é un dispositivo de hardware para interconexión de redes de ordenadores que opera na capa tres (nivel de rede). Este dispositivo permite asegurar o

encamiñamento de paquetes entre redes ao determinar a ruta que debe tomar o paquete de datos.

O número de switches e routers está mantido polo Servizo de Infraestruturas e Arquitecturas Tecnolóxicas, quen facilita a información cando se lle solicita. Son tamén eles os que teñen rexistrados o tipo de liña de comunicacións que hai en cada centro, sexa de Atención Primaria ou Especializada. Con este dato e sabendo o número total de centros da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde e a poboación adscrita a cada centro (datos obtidos das bases de datos de Tarxeta Sanitaria), pódense sacar datos tan interesantes como é a porcentaxe de centros de Atención Primaria e Especializada conectados á rede do Servizo Galego de Saúde, discriminar esta porcentaxe por tipo de atención, ou por ancho de banda, así como obter a porcentaxe de poboación asignada a centros con estas características.

Un servidor é un ordenador que, formando parte dunha rede, prové servizos a outros denominados clientes.

Da ferramenta de inventariado pódese saber o número de servidores que hai na rede da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde.

Un Terabyte é unha unidade de medida informática cuxo símbolo é o TB, e que equivale a 1.099.511.627.776 bytes.

O número de TB almacenados, hai que obtelo, de forma manual.

A tarxeta intelixente para o profesional é un documento identificativo que lle permite acceder aos sistemas informáticos acreditando de maneira inequívoca a súa identidade e posibilitando que asine electronicamente as transaccións que realiza.

Algunhas das aplicacións corporativas ás que pode acceder mediante esta tarxeta intelixente son IANUS (Historia Clínica Electrónica) e FIDES (Oficina Virtual do Profesional).

Lévase rexistro do número de tarxetas sanitarias intelixentes emitidas para os profesionais.

### **Servizos en liña para a cidadanía**

O servizo de cita por internet do Servizo Galego de Saúde, permite solicitar cita para médicos de cabeceira e pediatras, así como consultar e cancelar as próximas citas.

Mediante o sistema de información de análise complexa (SIAC) de Atención Primaria pódese obter o número de citas para o médico de cabeceira e o pediatra así como o xeito no que estas se solicitaron, para así calcular por exemplo a porcentaxe de citas previas en centros de Atención Primaria concertadas por internet. Este dato obtense para cada centro de saúde.

Se de todas estas citas contamos só unha vez aquelas que teñen o mesmo CIP (código único de identificación sanitaria en Galicia) podemos saber cantos ciudadáns distintos usan o servizo de solicitude de cita por internet.

As citas intercentros concertadas telematicamente desde Atención Primaria a Atención Especializada son aquelas citas concertadas dende centros que dispoñen dun sistema que permite concertar desde o mesmo centro, as citas normais e preferentes cos especialistas, en tempo real e en presenza do paciente, accedendo ás axendas de especializada de xeito seguro e a través de medios telemáticos, entendendo por telemático a utilización das telecomunicacións para o envío da información en formato dixital.

O número de citas intercentros concertadas telematicamente desde Atención Primaria con Atención Especializada e o número de centros de Atención Primaria que poden citar telematicamente para a especialidade obtense co SIAC-CM (Cadro de Mandos). Do mesmo xeito obtense a porcentaxe de cetros de saúde desde os que se pode citar telematicamente para a especialidade.

Da base de datos de Tarxeta Sanitaria obtense información importante para medir o uso que a cidadanía fai dos servizos relacionados coa tarxeta sanitaria que se prestan a través da web, evitando que o cidadán se desprace ao centro sanitario e permitíndolle a realización do tramite en calquera momento e lugar. Entre outra información pode contabilizarse o número de tarxetas sanitaria que se emitiron a partir de peticións realizadas desde a web, e este número compararse co total de tarxetas sanitarias emitidas. Outro dos servizos que se presta e se pode medir coa información obtida da base de datos de Tarxeta Sanitaria é o número de cambios de médico solicitados a través de internet.

## **Formación**

Dentro dos servizos que se ofrecen a través da internet aos profesionais da saúde hai indicadores referentes aos cursos e-learning.

e-learning significa literalmente aprendizaxe electrónico. Constitúe unha proposta de formación que contempla a súa implementación predominantemente mediante a internet, facendo uso dos servizos e ferramentas que esta tecnoloxía prové. Dentro da modalidade a distancia, o e-learning é unha das opcións que actualmente se utiliza con maior frecuencia para atender a necesidade de educación continua ou permanente. O e-learning, dadas as súas características e o soporte tecnolóxico que o apoia, constitúese como unha alternativa para aqueles que combinan traballo e actualización, xa que non é necesario acudir a unha aula permanente.

Contabilízase por tanto o número de cursos e-learning coma o número de persoas inscritas nos devanditos cursos.

Dentro dos cursos de carácter presencial lévase rexistro de todos os cursos impartidos. Entre a información que se pode extraer escollemos o número de cursos impartidos, o número de profesionais que acudiron á formación e as horas de formación

### **Internet e Intranet**

Dentro da intranet da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde pódese obter información do número de visitas á intranet e á web da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde desde xaneiro do 2002 ata a actualidade.

Pódese contabilizar tamén de xeito automático o número de e-mails enviados ou recibidos a internet, así como os e-mail internos.

### **Historia clínica electrónica**

Para realizar un seguimento do uso que están a facer os profesionais sanitarios da Historia Clínica Electrónica (IANUS), contabilízase o número de profesionais que rexistran electronicamente as súas actividades. Este número obtense de xeito manual. Mediante un SIAC obtemos tamén o número de profesionais que poden acceder á historia clínica a través de IANUS.

Os datos que se facilitan da Imaxe Médica Dixital fan referencia a datos obtidos de distintos SIAC's como é a porcentaxe de estudos con imaxe asociada ( estudos dixitalizada).

### **Certificacións**

Para rematar contabilízase o número de certificados de calidade outorgados por organismos de certificación, e este cómputo realízase de xeito manual. O Sistema de Xestión da Calidade adoptado pola Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información ven certificado pola Asociación Española de Normalización y Certificación (AENOR)

### **Procesamento de datos**

A base de datos empregada para o almacenamento de toda a información existente para os indicadores contén as seguintes táboas:

- Áreas
- Centros
- Concellos
- Indicadores
- Provincias
- Responsables

- Tipos de centros
- Explotacións

### **Áreas**

Esta táboa contén os nomes e abreviaturas das diferentes áreas sanitarias nas que se poden enmarcar os centros sanitarios galegos.

Posibles valores:

- Área A Coruña: engloba os centros dependentes da Xerencia de Atención Primaria de A Coruña, o Hospital Virxe da Xunqueira e o Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.
- Área Ferrol: pertencen a esta área todos os centros pertencentes á Área Sanitaria de Ferrol.
- Área Lugo: engloba os centros dependentes da Xerencia de Atención Primaria de Lugo, o Hospital da Costa, o Hospital Comarcal de Monforte e o Complexo Hospitalario Xeral-Calde.
- Área Ourense: nesta área agrúpanse os centros dependentes da Xerencia de Atención Primaria de Ourense, o Hospital Comarcal de Valdeorras, o Hospital de Verín e o Complexo Hospitalario de Ourense.
- Área Pontevedra: engloba os centros dependentes da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra, o Hospital do Salnés e o Complexo Hospitalario de Pontevedra.
- Área Santiago: nesta área agrúpanse os centros dependentes da Xerencia de Atención Primaria de Santiago, o Hospital da Barbanza e o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.
- Área Vigo: pertencen a esta área os centros pertencentes á Xerencia de Atención Primaria de Vigo e o Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

### **Centros**

Esta táboa contén toda a información relevante dun centro dependente do Servizo Galego de Saúde. Desta forma almacenase nesta táboa o nome do centro, a abreviatura, o concello, a provincia a que pertence, o tipo de atención prestada no centro, o tipo de centro, a área sanitaria a que corresponde e a data de eliminación para os casos nos que o centro desapareza.

Posibles valores: Todos os nomes dos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde.

### **Concellos**

Esta táboa contén os nomes dos concellos aos que pertence algún dos centros almacenados na táboa Centros.

Posibles valores: Tódolos nomes dos concellos aos que pertencen os centros dependentes do Servizo Galego de Saúde.

### **Indicadores**

Esta táboa contén todos os indicadores sobre os que se recolle información para a xeración das estatísticas pertinentes. Para cada un dos indicadores almacenase no correspondente campo: un nome, a descrición, o responsable de proporcionar os seus valores e as posibles observacións que se consideren oportunas.

Posibles valores: Tódolos indicadores dos que se van almacenar valores na base de datos.

### **Provincias**

Esta táboa contén os nomes das provincias as que pertencen os centros rexistrados na táboa de Centros.

Posibles valores: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra.

### **Responsables**

Esta táboa contén os diferentes responsables (nomes ou grupos de soporte) de proporcionar os datos dos seus indicadores.

Posibles valores: Oficina de Calidade, Soporte Comunicaci3ns, Xanela TI, etc.

### **Tipos de centros**

Esta táboa contén os diferentes tipos de centros existentes

Posibles valores: Centro de Atenci3n Primaria, centro de Atenci3n Especializada, centro administrativo, centro de especialidades, Direcci3n provincial do Servizo Galego de Saúde, Delegaci3n Provincial da Consellería de Sanidade,.....

### **Explotaci3n**

Esta táboa contén t3dolos valores dos indicadores xunto cos diferentes factores polos que foi explotado o devandito indicador. Para cada un dos valores do indicador almacénase nesta táboa informaci3n obrigatoria de: Indicador o que se refire, data do valor e valor. Se o indicador ten diferentes valores de explotaci3n almacenase o identificador o que fai referencia: do centro, da categoría profesional, da área, do tipo de centro, da provincia.

Posibles valores: Cada un dos valores por indicador e data xunto cos identificadores polos que est3 explotado dito valor.

### **Deseño da explotaci3n dos datos do rexistro**

O resultado da explotaci3n estatística facilitarase en forma de táboas, recollendo en filas as principais variables e en columnas os anos dispoñibles (para poder ver a súa evoluci3n).

## Plataforma

Neste apartado difundiranse as variables referidas á plataforma e aos servizos de apoio nos centros sanitarios en xeral. Facilitarase información anual e para Galicia, referida ao último día dese ano. ~~reflectindo así a situación a 31 de decembro.~~

	2009	2010
Número de PC's conectados á Rede Corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde		
Número de impresoras conectadas á rede.		
Número de switches		
Número de routers		
Número de liñas		
Número de liñas con ancho de banda menor 512 Kbps		
Número de liñas con ancho de banda maior ou igual 512 Kbps		
% de centros de Atención Primaria e Atención Especializada conectados á Rede Corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde		
% de centros de Atención Primaria e Atención Especializada conectados en banda ancha		
% de centros de Atención Primaria conectados á Rede Corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde		
% de centros de Atención Primaria conectados en banda ancha		
% de poboación asignada a centros de Atención Primaria conectados á Rede Corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde		
% de centros de Atención Especializada conectados en banda ancha		
% de poboación asignada a centros de Atención Especializada conectados á Rede Corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde		
Nº de servidores		
Nº de TB almacenados		
Nº de usuarios do directorio activo		

Nº de tarxetas intelixentes para os profesionais emitidas		
---	--	--

Nº de PC's conectados á Rede Corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde: Número de ordenadores conectado á rede corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde.

Nº de impresoras conectadas á Rede Corporativa Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde: Número de impresoras conectadas á rede corporativa da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde.

Nº de switches: Nº de switches na rede da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde.

Nº de routers: Nº de routers na rede da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde.

Nº de liñas: Esta métrica explótase por tipo de liña agrupándoas polo ancho de banda, si este é maior ou menor de 512 Kbps, obténdose os indicadores: Nº de liñas cun ancho de banda maior ou igual a 512 Kbps e Nº de liñas cun ancho de banda inferior a 512 Kbps

% de centros de Atención Primaria e Atención Especializada conectados á Rede Corporativa Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde: Divídese o número total de consultorios, centros de saúde, casas do mar e centros hospitalarios conectados á rede corporativa do Servizo Galego de Saúde entre o número total de consultorios, centros de saúde, casas do mar e centros hospitalarios.

% de centros de Atención Primaria e Atención Especializada conectados en banda ancha: é o número total de consultorios, centros de saúde, casas do mar e centros hospitalarios conectados de 512 Kbps e máis á rede corporativa do Servizo Galego de Saúde entre o número total de consultorios, centros de saúde, casas do mar e centros hospitalarios.

% de centros de Atención Primaria conectados á Rede Corporativa Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde: Divídese o número total de consultorios, centros de saúde e casas do mar conectados á rede corporativa do Servizo Galego de Saúde entre o número total de consultorios, centros de saúde e casas do mar.

% de centros de Atención Primaria conectados en banda ancha: é o número total de consultorios, centros de saúde e casas do mar conectados de 512 Kbps e máis á rede corporativa do Servizo Galego de Saúde entre o número total de consultorios, centros de saúde e casas do mar.

% de poboación asignada a centros de Atención Primaria conectados á rede corporativa Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde: é a suma do número de cidadáns adscritos a centros de Atención Primaria e cuxos centros están conectados á rede corporativa

entre o total de cidadáns incluídos na base de datos de tarxeta sanitaria da Comunidade Autónoma.

% de centros de Atención Especializada conectados en banda ancha: é o número total de centros hospitalarios conectados de 512 Kbps e máis á rede corporativa do Servizo Galego de Saúde entre o número total de centros hospitalarios.

% de poboación asignada a centros de Atención Especializada conectados á rede corporativa do Servizo Galego de Saúde: é a suma do número de cidadáns adscritos a centros de Atención Especializada que están conectados á rede corporativa entre o total de cidadáns incluídos na base de datos de tarxeta sanitaria da Comunidade Autónoma.

Nº de servidores: nesta métrica recollese o número de servidores.

Nº de TB almacenados: Nº de Terabytes almacenados nos servidores da rede da Consellería.

Nº de usuarios do Directorio Activo: Nº de usuarios no directorio activo da Consellería/ Servizo Galego de Saúde.

Nº de tarxetas intelixentes emitidas: Nº de tarxetas profesionais con sinatura electrónica emitidas.

### Servizos en liña para os cidadáns

Neste apartado difundiranse as variables referidas a algúns dos servizos dispoñibles para os cidadáns a través da web. Facilitarase información anual e para Galicia.

	2009	2010
% de citas previas en centros de Atención Primaria concertadas por Internet		
% de cidadáns que usan cita previa por Internet		
% de citas intecentros concertadas telemáticamente desde Atención Primaria con Atención Especializada		
% de centros de saúde desde os que se pode citar telemáticamente para a especialidade		
Tarxetas sanitarias xeradas por solicitudes realizadas a través de Internet		
Tarxetas sanitarias xeradas totais		
% de tarxetas sanitarias solicitadas por internet fronte ao total de tarxetas xeradas		
Nº de cambios de médico solicitados a través de internet		

% de citas previas en centros de Atención Primaria concertadas por internet: é o resultado de dividir o número de citas que se solicitan para o médico de cabeceira ou o pediatra do centro de Atención Primaria a través de internet entre o número total de citas de Atención Primaria, solicitadas ao longo dun ano.

% de cidadáns que usan cita previa por internet: e o número de cidadáns distintos que piden cita por internet ao longo dun ano dividido entre o total de cidadáns incluídos na base de datos de tarxeta sanitaria da Comunidade Autónoma a 31 de decembro en cada ano.

% de citas intercentros concertadas telemáticamente desde Atención Primaria con Atención Especializada: N° de citas de Atención Especializada dadas de xeito telemático desde Atención Primaria ao longo dun ano dividido entre o número total de citas de Atención Especializada procedentes de Atención Primaria ao longo dese ano. A data considerada para obter esta porcentaxe é a data na que se solicita a cita.

% de centros de saúde desde os que se pode citar telemáticamente para a especialidade: é o cociente entre o número de centros de saúde desde os que se pode citar para a especialidade entre o número total de centros de saúde dispoñibles a 31 de decembro de cada ano.

Tarxetas sanitarias xeradas por solicitudes realizadas a través da internet. Son as tarxetas sanitarias xeradas ao longo dun ano a través das solicitudes que realizan a través da internet. Refírese ás tarxetas sanitarias novas ou renovación das existentes, tamén se inclúen as tarxetas que se solicitan por perda ou roubo. Por cambio de centro de saúde ou de médico non se asigna tarxeta nova.

Tarxetas xeradas totais. Son as tarxetas sanitarias xeradas ao longo dun ano. Refírese ás tarxetas sanitarias novas ou renovación das existentes, tamén se inclúen as tarxetas que se solicitan por perda ou roubo. Por cambio de centro de saúde ou de médico non se asigna tarxeta nova.

% de tarxetas solicitadas por internet fronte ao total de tarxetas sanitarias: N° de tarxetas sanitarias xeradas por solicitudes realizadas a través da web nun ano entre o número total de tarxetas sanitarias estampadas.

N° de cambios de médico solicitados a través de internet: Número de cambios de médico solicitados a través da páxina web da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde.

## **Formación**

Neste apartado difundiranse as variables referidas a formación, tanto de xeito presencial como a través de teleformación. Facilitarase información anual e para Galicia.

	2009	2010
Nº de cursos e-learning		
Nº de profesionais inscritos en cursos e-learning		
Nº de cursos presenciais		
Nº de horas en cursos presenciais		
Nº de profesionais asistentes aos cursos impartidos		

Nº de cursos e-learning: Contabilízanse o total de cursos promovidos pola Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información ou pola FEGAS (Escola Galega de Administración Sanitaria), a o longo do ano de referencia.

Nº de profesionais inscritos en cursos e-learning: Contabilízanse o total de profesionais inscritos tanto nos cursos promovidos pola Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información como nos impartidos pola FEGAS (Escola Galega de Administración Sanitaria) ao longo do ano de referencia.

Nº de cursos presenciais: Contabilízanse o total de cursos presenciais promovidos pola Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información.

Nº de horas en cursos presenciais: Contabilízanse o número de horas de cursos presenciais promovidos pola Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información.

Nº de profesionais asistentes aos cursos impartidos: Número de profesionais asistentes aos cursos impartidos ao longo do ano de referencia.

### **Internet/Intranet**

Neste apartado difundiranse as variables referidas ao uso da internet e da intranet. Facilitarase información anual e para Galicia, ata o último día dese ano, reflectindo así a situación de todo o ano.

	2009	2010
Nº de e-mails		
Nº de visitas á intranet		
Nº de visitas á internet		

Nº de e-mails: sacaranse indicadores para o número de e-mail enviados a internet, recibidos de internet e correos internos durante o ano de referencia.

Nº de visitas á intranet: Nº de visitas á intranet da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde

Nº de visitas á intranet: Nº de visitas ás páxinas web da Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde

### Historia Clínica Electrónica

Neste apartado difundiranse as variables referidas á Historia Clínica Electrónica. Facilitarase información anual e para Galicia.

	2009	2010
Nº de profesionais que rexistran ás súas actividades		
Nº de profesionais que poden acceder á historia clínica a través de IANUS		

Nº de profesionais que rexistran ás súas actividades: Nº de profesionais diferentes que rexistran as súas actividades ao longo do ano de referencia na historia clínica electrónica. Considerase como traballo rexistrado cando o usuario realizou a lo menos unha anotación ou un informe no período de estudo. Para poder facer algunha anotación é preciso ter a tarxeta intelixente para profesionais.

Nº de profesionais que poden acceder á historia clínica a través de IANUS:

Número de profesionais que poden acceder á historia clínica a través de IANUS. Para acceder a IANUS introdúcese o usuario que se lle asignou e o contrasinal. Cada usuario posuirá un único certificado dixital, almacenado na tarxeta intelixente para o profesional, persoal e intransferible que actuará de sinatura. O certificado está protexido por un pin mediante o que o usuario garantirá en todo momento, que ningunha persoa poida asinar no seu nome.

### Imaxe Médica Dixital

Neste apartado difundiranse as variables referidas a imaxe médica dixital. Facilitarase información anual e para Galicia

	2009	2010
% de estudos con imaxe asociada ( estudos dixitalizados)		

% de estudos con imaxe asociada ( estudos dixitalizados): N° de estudos radiolóxicos co imaxe dixital dividido polo n° de estudos radiolóxicos efectuados ao longo dun ano.

### **Metodoloxías**

Neste apartado difundiranse as variables referidas a metodoloxías de calidade. Facilitarase información anual e para Galicia, no último día dese ano, reflectindo así a situación a 31 de decembro.

	2009	2010
N° de certificados de calidade dos que se dispoñen		

N° de certificados de calidade dos que se dispoñen: Número de certificados de calidade outorgados por organismos de certificación, e este cómputo realízase de xeito manual.